

## NOTA INFORMATIVA

---

### Recollida de información da Enquisa a Empresas Multilocalizadas

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza o 1 de febreiro, o proceso de recollida de información da Enquisa a Empresas Multilocalizadas 2018-2019.

Esta enquisa recóllese no Programa estatístico do ano 2021, dentro da operación “3801-05-OE05” e diríxese a empresas que teñen a súa sede social fóra de Galicia e algún establecemento na nosa Comunidade Autónoma.

O traballo de campo consistirá na recollida de información a través dun cuestionario electrónico. As preguntas do cuestionario son de carácter económico; búscase coñecer a actividade produtiva dos diferentes establecementos das empresas multilocalizadas. A través da enquisa obtemos as variables que nos permitan ter unha estimación do valor engadido, o excedente de explotación, o emprego e a formación bruta de capital fixo.

A información obtida ten unha dobre finalidade:

-difusión dos principais resultados na web do IGE

-apoio a outras operacións estatísticas relacionadas co Sistema de Contas Económicas de Galicia.

Ademais, este ano, conta tamén cun módulo adicado ao estudo do investimento nestas empresas.

### Confidencialidade

As empresas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará a normativa que garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE. En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

As estatísticas incluídas no Plan galego de estatística e no programa anual terán a obrigatoriedade de colaboración cidadá (Artigo 18 da Lei Estatística de Galicia).

---

#### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Información enquisas: 900 102 104  
FAX: 900 812 899  
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>  
Síguenos en Twitter: [http://twitter.com/#!/IGE\\_Estadistica](http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica)  
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>